

O teu pasaporte para o autoemprego

Contacto para información sobre tramitación de axudas, subvencións e liñas de crédito e financiamento:

FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA (FEAGA)

Tel.: 981 15 14 53
E-mail: feaga@feaga.org
www.feaga.org

Outros puntos de información:

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE)

Tel.: 902 300 903
www.igape.es

XUNTA DE GALICIA

Delegacións Territoriais
Xefaturas Territoriais da
Consellería de Traballo e Benestar

SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN
www.emigracion.xunta.es/es/retornados



O teu pasaporte para o autoemprego

Con esta iniciativa por parte da Federación de Autónomos de Galicia queremos desempeñar unha acción de formación e información para o fomento do traballo autónomo en todo o territorio da nosa Comunidade, coa inclusión do colectivo de emigrantes retornados que iniciaran ou vaian a iniciar unha actividade por conta propia.

Poñemos a disposición de tódolos emigrantes retornados os medios para que podan optar polo autoemprego mediante charlas informativas e puntos de asesoramento para todos aqueles que o necesiten, aclarando as principais dúbidas como son:

- **Requisitos para a apertura e funcionamento de negocio.**
- **Colexiación e cualificacións profesionais que se esixen para o exercicio de determinadas actividades.**
- **Información e Tramitación de axudas e subvencións para a posta en marcha do negocio.**
- **Información sobre liñas de crédito e financiamento.**
- **Información sobre obrigas tributarias e fiscais.**

Requisitos para a apertura e funcionamento do teu negocio:

O trámite mínimo comprende a alta en Facenda e na Seguridade Social. No caso de que vaias a abrir un local ou establecemento, tamén terás que tramitar no Concello a licenza de apertura, e se foses a realizar obras de mellora ou acondicionamento, a licenza de obras.

Tamén deberás comunicar ao organismo da CCAA competente a apertura do centro de traballo e legalizar o libro de visitas ante a Inspección de Traballo.

1. - ALTA EN FACENDA

Presentar a declaración censual (modelos 036 e 037), na que notificarás os teus datos persoais, a actividade á que te vas dedicar, a situación do teu negocio e os impostos que terás que pagar.

Á hora de declarar a actividade terás que seleccionar algún dos epígrafes do Imposto de Actividades Económicas (IAE).

2. - ALTA NA SEGURIDADE SOCIAL

Alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) da Seguridade Social. Para iso terás que presentar o modelo TA0521 nalgunha das administracións da Seguridade Social xunto con fotocopia do DNI ou equivalente, fotocopia da alta en Facenda.

O teu pasaporte para o autoemprego

3. - ALTA NO CONCELLO. LICENZAS DE APERTURA E OBRAS

A licenza de apertura é un permiso do Concello para proceder á apertura dun local no que se vai exercer unha actividade económica.

O custo da licenza de apertura calcúlase para cada local tendo en conta tres factores: relevancia comercial da rúa, tamaño do local e tipo de actividade.

A licenza de obras é un permiso municipal necesario par poder realizar obras de acondicionamento ou mellora no teu local, oficina ou nave.

A licenza será de obra menor ou maior dependendo da envergadura do proxecto, o que influirá na contía das taxas a pagar.

4. - ALTA ANTE OS ORGANISMOS DE TRABALLO

- **Comunicación de apertura do centro de traballo:**

Leva consigo a obriga de comunicarllo á autoridade laboral competente, normalmente nas Xefaturas Territoriais da Consellería de Traballo e Benestar.

- **Legalización de libros de visita:**

É un trámite obrigatorio para todos os autónomos e empresas, mesmo aínda que non teñan traballadores contratados, que consiste en dispoñer en cada centro de traballo dun Libro de Visitas a disposición dos funcionarios da Inspección de Traballo e Seguridade Social.